

ASEMBLEA EN COMÚN EXTRAORDINARIA MONOGRÁFICA:

Debate sobre o proceso de confluencia a nivel autonómico

Data: 27 de xullo

Hora comezo: 20h00.

Hora estimada remate: 21h.30

Lugar: Espazo enComún (As Burgas, 8)

Quendas: Javier

Dinamizador: Pablo

Resumo: Ángeles

Orde do día:

1. Ratificación asemblea.
2. Ratificación orde do día.
3. Intercambio información e debate.
4. Posibles implicacions para OUEC.
5. Varios.

1. NECESIDADE DUNHA ASEMBLEA MONOGRÁFICA PARA TRATAR OS TEMAS RELACIONADOS CA CONFLUENCIA

Estaba solicitada por tres persoas ter unha xuntanza previa á Marea Constituinte por diferentes razóns:

- a) escoitar as opinións dos compañeiros e compartir información
- b) “tratar e debater, como mínimo, o posicionamento de ouec en relación co intento de unificar/confluencia recollido no documento que motivou a xuntanza de Compostela co título proposta de Confluencia do 9/06/16
- c) a preocupación pola repercusión-relacions-conexións entre este espazo de confluencia e a propia marea municipalista de OueC

E principio, o grupo de Coordinación non considerou que nada mudara (con respecto a acordos xa tomados asembleariamente por OueC) como para tér que convocar unha asemblea e posicionarse. Polo tanto, non convocou, pero dado que xa eran moitas as peticións deu forma a esta xuntanza.

En maior o menor medida case tod@s os presentes estamos de acordo na necesidade desta xuntanza, hai opinións de que non é necesaria neste momento pero si despois.

2. CONCLUSIÓNS:

1- Salientar a importancia de que a Asemblea Constituinte convocada é un espazo de adscripción individual. Isto vai en liña ca forma de traballo de Ouec e debería porse en valor como unha expresión da radicalidade democrática.

2- Confianza nas persoas que fixeron os documentos ata agora e certa preocupación pola posibilidade de que o espazo sexa usurpado e dirixido por intereses de parte (partidos)

3- Moita preocupación pola estrutura que vai conquistar esta Confluencia na súa posible relación coas diferentes provincias-municipios-parroquias de Galicia. Si será a través das mareas municipais destes territorios, partidos afíns con representación no territorio,..a relación c@s deputad@s en Madrid, etc. Preocupación por se imos cara a un espazo de conflito en vez de un espazo baseado na confianza, no ben común e nos documentos.

4- Moitas preguntas ao compañeiro que está participando en MeC:

Recórdanos o compañeiro que el participa a nivel individual é non como representación de Ouec

- A reunión dos Alcaldes? Xa derón conta da mesma pola Rolda de correo os compañeiros que participaron dese foro

- Como se están a transaccionar as enmendas? Entre as persoas enmendedoras e algunha persoa que participara na redacción orixinal do texto. Explícanos que onde máis problemas poden xurdir é precisamente na parte de Estrutura, tamén na de Goberno, que os documentos de primarias e o do Código Ético non xeran moitas discrepancias.

- Hai discrepancias no de crear partido instrumental ou non, case tod@s @s presentes estamos de acordo na necesidade da súa creación.

5. Importante ser capaces de trasladar á xente a importancia do proceso sen enlearnos demasiado en debates eternos, que se vexa a vontade de CONFLUIR e facer un proceso participado, capacidade de síntese.

6. Pragmatismo.

7. Necesidade de medios telemáticos para favorecer a participación.

8. Estamos tod@s de acordo en sacar nota de prensa apoiando o proceso e animando a participación.

9. Despois do acto do sábado convocatoria de Asemblea de Ouec

3. PUNTOS DE CONTROVERSIA (nos seguintes puntos non hai unanimidade, falta dar o debate, falta información e necesitamos saber que sae da Marea Constituinte)

1. Como deben ser as canles de comunicación de Ouec ca Xunta.

2. Alguén de Ouec debe estar na coordinadora de MeC?

3. Facer un documento sobre como se poderían coordinar os territorios, un Regulamento de Participación do Territorio e aportalo ao proceso.

4. A persoa que vaia en cabeza da candidatura pode xerar tensións (desto falamos ben pouco, as tensións virán entendemos de forzas partidistas)

5. Como conxugamos democracia participativa vs democracia representativa.

Rematou a xuntanza-aseblea as 21:30 h